

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN**

*ORDE do 11 de xaneiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a transformación dixital, innovación e modernización do sector comercial e artesanal, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento CO300C).*

A Consellería de Economía, Industria e Innovación é o órgano encargado de exercer as competencias que, en materia de comercio interior, o artigo 30.I.4 do Estatuto de autonomía de Galicia lle atribúe á nosa comunidade autónoma.

O Decreto 116/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Industria e Innovación (transitoriamente en vigor de conformidade co establecido na disposición transitoria do Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia), establece que lle corresponden á Dirección Xeral de Comercio e Consumo a planificación, a coordinación e o control das competencias da Consellería en materia de comercio interior. Dentro destas cabe sinalar, especificamente, a promoción, o fomento, a modernización e o desenvolvemento do comercio e a programación e a xestión de axudas destinadas a estes fins.

O comercio retalista é un sector en constante evolución que ten que adaptarse á realidade actual e dar resposta aos novos hábitos de compra das persoas consumidoras.

Por unha banda, a modernización da actividade comercial e artesanal é fundamental para incrementar a competitividade do sector, ofrecendo produtos de calidade e deseños únicos e personalizados que melloren a experiencia de compra da clientela e contribúan a afianzar o recoñecemento dos establecementos comerciais retalistas e o seu posicionamento no mercado.

Por outra banda, a dixitalización e a innovación son retos ineludibles para o sector comercial galego.

Na actualidade, tras a crise sanitaria causada pola COVID-19, a inflación está a producir graves consecuencias económicas, tales como o incremento xeneralizado dos prezos e o conseguinte descenso do consumo. Esta situación está a influír dun xeito indubidable na



actividade económica e no comportamento dos/das consumidores/as, e afecta de forma moi significativa a actividade comercial e, en xeral, a economía das persoas consumidoras.

Os comercios retalistas e os obradoiros artesáns teñen que adecuarse á nova realidade e introducir novas tecnoloxías dirixidas a transformar dixitalmente os seus negocios dunha forma progresiva e coherente coas necesidades do sector.

Con estes obxectivos, a Consellería de Economía, Industria e Innovación pon en marcha esta orde de axudas para impulsar a transformación dixital e a modernización do sector comercial e artesanal.

O 8 de abril de 2022, o Consello da Xunta de Galicia adoptou o acordo mediante o cal se aprobou a Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define o marco para as políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma para este período, así como o Plan de investigación e innovación de Galicia 2022-2024, que concreta desde un punto de vista operativo este marco estratéxico.

A RIS3, no período 2021-2027, aborda a través da I+D+i tres grandes retos da economía e a sociedade galega. Para darlles resposta, por unha banda, a estratexia orienta as capacidades e os esforzos de investigación e innovación en Galicia cara a tres prioridades temáticas transversais e, pola outra, reforza e impulsa o ecosistema galego de innovación a través de cinco obxectivos estratéxicos, arredor dos cales articula os instrumentos e as actuacións que se van desenvolver integrados nos correspondentes programas.

Neste contexto, o segundo reto da RIS3 impulsa o aumento da intensidade tecnolóxica e a innovación nos procesos produtivos a través de tecnoloxías facilitadoras. En relación con este reto, dúas prioridades son a sustentabilidade e a dixitalización das cadeas de valor, non só na xeración de novos produtos, senón tamén na mellora dos procesos. Nesta liña, a RIS3 impulsa a mellora das vías de comercialización.

Os instrumentos, apoios e actuacións que se desenvolven no marco da RIS3 en relación con cada obxectivo estratéxico recóllense nos correspondentes programas. Estes instrumentos poden ser horizontais en relación cos retos e prioridades, pero tamén se poden dirixir a prioridades e ámbitos de priorización concretos, debido á existencia de características ou necesidades diferenciadas dos axentes, cadeas de valor e mercados relacionados con cada un deles, ou polo tipo de fondo que as financia. O obxectivo estratéxico 2 busca incrementar o número de empresas innovadoras, facilitando en especial que as máis pequenas incorporen a innovación nas diferentes etapas do seu proceso produtivo.



En consecuencia, esta convocatoria enmárcase na RIS3 respondendo ao reto 2, a través das prioridades 1 (Sustentabilidade) e 2 (Dixitalización). Ten como obxectivo estratéxico incrementar o número de empresas innovadoras (obxectivo estratéxico 2), e intégrase, polo tanto, no programa Innova e Emprende.

Esta orde tramítase como expediente anticipado de gasto, o que permite obter antes a resolución, así como unha maior marxe temporal para a xustificación por parte das persoas interesadas.

Todo iso faise no marco da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como consonte a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na medida en que sexa aplicable, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A teor do exposto, en virtude das competencias que ten atribuídas a Consellería de Economía, Industria e Innovación en materia de comercio interior, e no exercicio das atribucións que me foron conferidas,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Convocatoria e bases reguladoras*

Esta orde ten por obxecto aprobar as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións da Consellería de Economía, Industria e Innovación para a transformación dixital, innovación e modernización do sector comercial e artesanal (código de procedemento CO300C).

Así mesmo, por medio desta orde convócanse as ditas subvencións para o ano 2024.

Para a concesión destas subvencións destinarase un crédito de 4.400.000,00 €, financiado con cargo á aplicación orzamentaria 09.04.751A.770.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, que se imputará da seguinte forma:

Liña	Orzamento
Liña 1. Dixitalización comercial	1.500.000,00 €
Liña 2. Innovación comercial	1.300.000,00 €
Liña 3. Modernización comercial	1.600.000,00 €



Esta cantidade poderase incrementar en función das solicitudes presentadas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito cando o aumento veña derivado dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, a existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

O incremento do crédito quedará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se é o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

Nestes casos, publicarase a ampliación de crédito polos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

A tramitación desta orde faise por tramitación anticipada de gasto e queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

A Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, sobre tramitación anticipada de gasto, modificada polas ordes da Consellería de Economía e Facenda, do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, establece que os expedientes de gasto se poderán iniciar, sempre que as necesidades que se teñan que satisfacer poidan ser razoablemente previstas anticipadamente, no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos cales se vaian imputar, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no proxecto de Lei de orzamentos xerais aprobado polo Consello da Xunta de Galicia. Por iso, a eficacia desta convocatoria queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o próximo ano 2024 no momento da resolución de concesión.

No proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 existe crédito adecuado e suficiente para poder tramitar esta orde.

De acordo co disposto no artigo 3.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, a tramitación anticipada poderá chegar, como máximo, ata o momento anterior ao da disposición ou compromiso de gasto. Así mesmo, segundo o establecido no artigo 5 da dita orde, todos os actos de trámite ditados no desenvolvemento desta orde se entenden condicionados a que, unha vez aprobada a Lei de orzamentos xerais da



Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento da súa produción.

#### Artigo 2. *Solicitudes*

Para poder ser unha persoa beneficiaria da subvención, deberá presentarse unha solicitude dirixida á Consellería de Economía, Industria e Innovación axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo V desta orde, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 7 das bases reguladoras.

#### Artigo 3. *Lugar e prazo de presentación*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos, a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

2. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

3. Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

4. O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao da publicación, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

#### Artigo 4. *Prazo de duración do procedemento de concesión*

Unha vez finalizado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras, que non poderá



ter unha duración superior a cinco meses, contados a partir do día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido o dito prazo para resolver sen que se dite resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo, de conformidade co artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 5. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas efectuaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento por parte das persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, efectuarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



**Artigo 6. *Transparencia e bo goberno***

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se encontren vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por parte daquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

**Artigo 7. *Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude***

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

**Artigo 8. *Información ás persoas interesadas***

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código CO300C, poderase obter información a través dos seguintes medios:

1. Na Guía de procedementos e servizos da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal>

2. Na páxina web oficial da Consellería de Economía, Industria e Innovación <http://ceei.xunta.gal/portada>, na súa epígrafe de axudas.

3. Nos teléfonos 981 54 55 99, 981 54 55 48 ou 981 54 59 15 da Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

4. No enderezo electrónico [cei.dxc.axudas@xunta.gal](mailto:cei.dxc.axudas@xunta.gal)

Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia: 012 (desde o resto do Estado: 902 12 00 12).



5. De acordo co establecido no artigo 14, letra ñ), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas beneficiarias quedan informadas, cos datos consignados no modelo normalizado de solicitude, dos aspectos básicos previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPDP), e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

#### Artigo 9. *Recursos*

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

1. Recurso potestativo de reposición, ante a persoa titular da Consellería de Economía, Industria e Innovación, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

#### Disposición adicional única. *Base de datos nacional de subvencións*

De conformidade co establecido no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do dito artigo serán comunicados á Base de datos nacional de subvencións.

#### Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento*

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Comercio e Consumo para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento e a aplicación desta orde.

#### Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2024

María Jesús Lorenzana Somoza  
Conselleira de Economía, Industria e Innovación



## ANEXO I

**Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións para a transformación dixital, innovación e modernización do sector comercial e artesanal, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento CO300C)**

Artigo 1. *Obxecto e réxime das subvencións*

1. As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto a concesión de subvencións para a transformación dixital, innovación e modernización do sector comercial e artesanal.

2. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrència competitiva e quedará suxeito ao réxime de axudas *de minimis*, polo que non poderán exceder os límites cuantitativos (300.000,00 € nun período de tres anos) establecidos no Regulamento (UE) núm. 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE 15.12.2023, Serie L).

De conformidade coa dita normativa, a axuda total *de minimis* concedida a unha única empresa non excederá os 300.000,00 € durante calquera período de tres anos. O concepto de única empresa inclúe todas as empresas que teñan, polo menos, un dos seguintes vínculos entre si:

a) Unha empresa posúe a maioría dos dereitos de voto de accionistas ou socios doutra empresa.

b) Unha empresa ten dereito a nomear ou apartar a maioría dos membros da administración, dirección ou control doutra empresa.

c) Unha empresa ten dereito a exercer unha influencia dominante sobre outra, en virtude dun contrato suscrito con ela ou unha cláusula estatutaria da segunda empresa.

d) Una empresa, accionista ou asociada a outra, controla en solitario, en virtude dun acordo suscrito con outros accionistas ou socios destes últimos, a maioría dos dereitos de voto dos seus accionistas.



As empresas que manteñan algunha das relacións previstas nas letras a) a d) a través doutra ou doutras empresas tamén terán a consideración de empresa única.

3. Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos e investimentos que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actuación subvencionada.

En concreto, consideraranse subvencionables as actuacións previstas nos artigos 4 e 5 destas bases reguladoras sempre que sexan realizadas e efectivamente pagadas desde o 1 de decembro de 2023 ata a data límite de xustificación establecida no artigo 22 destas bases reguladoras pola incidencia que nos sectores do comercio e da artesanía teñen tanto o período de rebaixas de inverno como a campaña de Nadal, que son para moitos establecementos o momento idóneo para o lanzamento de novas propostas comerciais, en establecementos e a través da canle dixital.

#### Artigo 2. *Financiamento e concorrencia*

Para a concesión destas subvencións destinarase un crédito de 4.400.000,00 €, financiado con cargo á aplicación orzamentaria 09.04.751A.770.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, que se imputará da seguinte forma:

Liña	Orzamento
Liña 1. Dixitalización comercial	1.500.000,00 €
Liña 2. Innovación comercial	1.300.000,00 €
Liña 3. Modernización comercial	1.600.000,00 €

De existir remanente de crédito nunha liña, poderase reasignar a contía sobranse nas outras liñas sen necesidade de facer unha nova publicación do importe dos créditos.

A natureza destas subvencións xustifica realizar pagamentos anticipados que supoñerán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes a elas de ata un 50 % da subvención concedida, nos termos establecidos no artigo 8 destas bases reguladoras.

A concesión das subvencións queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.



O importe das subvencións reguladas nesta orde en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas e subvencións das distintas administracións ou calquera dos seus entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total do investimento subvencionable.

As subvencións previstas nesta orde serán incompatibles con calquera outra da mesma ou distinta consellería, para os mesmos conceptos subvencionables e a mesma persoa beneficiaria.

En todo caso, estas axudas son incompatibles coas axudas do programa Bono enerxía peme (IN417Z) para a mesma categoría de actuacións subvencionables.

### Artigo 3. *Persoas e entidades beneficiarias*

Poderán ser beneficiarias das subvencións, sen prexuízo de reuniren os demais requisitos establecidos nestas bases e sempre que nas persoas solicitantes non concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado sen personalidade xurídica, legalmente constituídas que, en todo caso, cumpran ademais os seguintes requisitos:

#### 1. Comerciantes retalistas:

a) Que desenvolvan a súa actividade comercial en Galicia, que o domicilio social radique na Comunidade Autónoma e que cumpran os requisitos establecidos legalmente para exercer a actividade.

b) Que teñan a condición de peme conforme o establecido no Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado (DOUE 187, do 26 de xuño).

Para a consideración de pequena e mediana empresa observarase o disposto na Recomendación 2003/361/CE da Comisión, do 6 de maio de 2003, sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas (DOUE núm. L 124/36, do 20 de maio de 2003), e para estes efectos establécese que:

Categoría de empresa	Persoal: unidades de traballo anual	Volume de negocio anual (€)	Balance xeral anual (€)
Micro	<10	≤ 2 millóns	≤ 2 millóns
Pequena	<50	≤ 10 millóns	≤ 10 millóns
Mediana	<250	≤ 50 millóns	≤ 43 millóns



c) Que estean dados de alta nalgunhas das epígrafes do IAE que se relacionan nos anexos II e III e que esta constituía a actividade para a cal vai dirixida a subvención.

No caso de que a actividade subvencionable se corresponda cunha actividade das epígrafes relacionadas no anexo III, deberá estar dado de alta nalgunha actividade comercial relacionada no anexo II.

No suposto de que nun mesmo establecemento comercial se realicen actividades comerciais subvencionables con outras actividades comerciais ou servizos non subvencionables, a persoa solicitante deberá acreditar fidedignamente que a actividade principal está incluída nas epígrafes do IAE que se relacionan nos anexos II e III. En todo caso, a actividade principal do establecemento deberá realizarse de forma notoria e inequívoca.

d) Que desenvolvan a actividade comercial nun establecemento comercial cunha superficie de exposición e venda igual ou inferior a 300 metros cadrados, agás que a actividade comercial se encadre na epígrafe 653.1 do IAE.

## 2. Obradoiros artesanís:

Que estean inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia. En caso de novos obradoiros, poderán solicitar a inscrición no dito rexistro ata o último día do prazo establecido para a presentación de solicitudes.

3. Non poderán ser beneficiarias destas axudas as empresas en crise, conforme a definición prevista no artigo 2, número 18, do Regulamento (CE) núm. 651/2014, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado (DOUE do 26.6.2014, L 187/1); as persoas que resultasen beneficiarias no ano 2023 das ordes de axudas CO300C e CO300G para a mesma actuación subvencionable, agás nos supostos en que pola natureza da actuación non sexa susceptible da súa conservación nos termos establecidos no artigo 19.6.

## Artigo 4. *Actuacións subvencionables para comerciantes retailistas con tenda física*

### 1. Liña de dixitalización comercial.

Establécense dous programas de e-commerce en función do grao de dixitalización do comercio, que son incompatibles e excluíntes entre si.



a) Programa e-commerce I (comerciantes retalistas sen páxina web):

Dirixido á dixitalización básica do contorno comercial omnicanle. Supón obrigatoriamente a realización do conxunto das seguintes actuacións:

– Implantación de páxina web sen venda en liña. A páxina web deberá cumprir os requisitos que figuran no anexo IV.

– Hardware (sistema TPV ou tableta).

– Software de pagamento adaptado á actividade comercial desenvolvida e homologado para a dixitalización do certificado de facturas (máximo 12 meses).

– Impresora de código de barras térmica 1D/2D.

– Ferramentas de posicionamento dixital (SEO, SEM, ADS).

b) Programa e-commerce II (comerciantes retalistas con páxina web, con ou sen venda en liña, que teñan implantado o programa e-commerce I):

Dirixido á dixitalización avanzada do contorno comercial omnicanle a través das seguintes actuacións:

– Implantación ou mantemento de páxina web con venda en liña. A páxina web deberá cumprir os requisitos que figuran no anexo IV.

– Melloras das ferramentas de posicionamento dixital (SEO, SEM, ADS).

– Loxística e-commerce, entendéndose como o servizo de transporte para envíos en liña, que deberá cumprir os requisitos que figuran no anexo IV.

– Xestor de redes sociais, que deberá cumprir os requisitos que figuran no anexo IV.

– Imaxe dixital.



A porcentaxe da subvención será o 75 % dos seguintes investimentos máximos subvencionables (IVE excluído):

Programa	Actuación subvencionable	Investimento máximo subvencionable		
		Sen empregados/as	De 1 a 10 empregados/as	De 11 a 250 empregados/as
e-commerce I	Implantación de páxina web sen venda en liña	690,00 €	670,00 €	680,00 €
	Hardware (sistema TPV ou tableta)	690,00 €	1.000,00 €	1.300,00 €
	Software de pagamento adaptado á actividade comercial desenvolvida	690,00 €	1.000,00 €	1.300,00 €
	Impresora de código de barras térmica 1D/2D	170,00 €	170,00 €	170,00 €
	Ferramentas de posicionamento dixital (SEO, SEM, ADS)	1.100,00 €	1.700,00 €	2.600,00 €
	Total programa e-commerce I	3.340,00 €	4.540,00 €	6.050,00 €
e-commerce II	Implantación ou mantemento de páxina web con venda en liña	1.100,00 €	1.100,00 €	1.100,00 €
	Melloras das ferramentas de posicionamento dixital (SEO, SEM, ADS)	2.800,00 €	4.900,00 €	9.900,00 €
	Loxística e-commerce	600,00 €	900,00 €	1.900,00 €
	Xestor de redes sociais	450,00 €	900,00 €	1.900,00 €
	Imaxe dixital	450,00 €	900,00 €	1.900,00 €
	Total programa e-commerce II	5.400,00 €	8.700,00 €	16.700,00 €

## 2. Liña de innovación comercial.

a) Programa *smart retail* (comerciantes retallistas que teñan implantado o programa e-commerce I e, no seu caso, páxina web con venda en liña):

Dirixido á transformación dixital do punto de venda e modelo de negocio, a través das seguintes actuacións:

- Etiquetado electrónico para lineais de venda.
- Sistemas de *click and collect* e *lockers* dixitais.
- Terminais de autopagamento para a clientela (*self check out*).
- Tecnoloxía de control de *stocks* e tecnoloxía RFID.
- Software para a xestión loxística do e-commerce.
- Solucións de ciberseguridade.



– Asistentes virtuais e sistemas dixitais interactivos (*chatbots*).

– Aplicacións para dispositivos móbiles (m-commerce).

– Aplicacións de realidade virtual e aumentada.

b) Programa visual *merchandising* (comerciantes retalistas que teñan implantado o programa e-commerce I):

Dirixido á mellora da experiencia de compra, a través das seguintes actuacións:

– Escaparates virtuais con ou sen interacción coa clientela.

– Pantallas e tótems publicitarios con ou sen interacción coa clientela.

En todo caso, as actuacións comprendidas no programa visual *merchandising* deberán situarse no punto de venda e incluír o software para a programación e emisión de contidos dixitais. Consideraranse subvencionables os gastos relativos á elaboración destes contidos.

A porcentaxe da subvención será o 75 % dos seguintes investimentos máximos subvencionables (IVE excluído):

Programa	Actuación subvencionable	Investimento máximo subvencionable		
		Sen empregados/as	De 1 a 10 empregados/as	De 11 a 250 empregados/as
Smart retail	Etiquetaxe electrónica para lineais de venda	2.000,00 €	5.100,00 €	6.000,00 €
	Sistemas de <i>click and collect</i> e <i>lockers</i> dixitais	3.000,00 €	4.250,00 €	5.000,00 €
	Terminais de autopagamento para a clientela ( <i>self check out</i> )	3.600,00 €	4.250,00 €	5.000,00 €
	Tecnoloxía de control de <i>stocks</i> e tecnoloxía RFID	7.000,00 €	8.500,00 €	10.000,00 €
	Software para a xestión loxística do e-commerce	1.400,00 €	1.700,00 €	2.000,00 €
	Solucións de ciberseguridade	1.400,00 €	1.700,00 €	2.000,00 €
	Asistentes virtuais e sistemas dixitais interactivos ( <i>chatbots</i> )	700,00 €	850,00 €	1.000,00 €
	Aplicacións para dispositivos móbiles (m-commerce)	1.200,00 €	2.550,00 €	3.000,00 €
	Aplicacións de realidade virtual e aumentada	1.200,00 €	2.550,00 €	3.000,00 €
	<b>Total programa smart retail</b>	<b>21.500,00 €</b>	<b>31.450,00 €</b>	<b>37.000,00 €</b>
Visual <i>merchandising</i>	Escaparates virtuais con ou sen interacción coa clientela	6.100,00 €	7.200,00 €	8.500,00 €
	Pantallas e tótems publicitarios con ou sen interacción coa clientela	3.500,00 €	4.200,00 €	5.000,00 €
	<b>Total programa visual merchandising</b>	<b>9.600,00 €</b>	<b>11.400,00 €</b>	<b>13.500,00 €</b>



### 3. Liña de modernización comercial.

#### a) Programa eficiencia:

Dirixido á mellora da eficiencia enerxética do local e dos recursos, a través das seguintes actuacións:

– Portas automáticas con sensores de proximidade.

– Sistemas de iluminación enerxeticamente eficientes e sensores de presenza para a regulación automática de luces.

– Sistemas de climatización enerxeticamente eficientes.

#### b) Programa reforma:

Dirixido á mellora da imaxe do local, a través das seguintes actuacións:

– Obras de acondicionamento e reforma da superficie de exposición e venda do establecemento comercial.

– Actuacións de mellora da fachada e instalación de rótulos do establecemento comercial.

– Adquisición de mobiliario auxiliar destinado á mellora da imaxe comercial e adquisición de mobiliario expositivo de produtos que sexa necesario para o desenvolvemento da actividade comercial e de uso exclusivo na superficie de exposición e venda.

– Sistemas de videovixilancia dixital cun investimento máximo subvencionable de 250,00 €.

#### c) Programa equipamento:

– Adquisición, en réxime de propiedade, de equipamentos propios da actividade comercial que deberán ser, en todo caso, de primeiro uso; en concreto, maquinaria, ferramentas ou equipamento auxiliar, de fabricación externa cualificada, directamente relacionada coa actividade comercial ou artesanal, así como outra maquinaria, ferramentas ou equipamento auxiliar, de fabricación externa cualificada, directamente relacionada coa actividade comercial, que melloren o deseño e a calidade do produto final.



A porcentaxe da subvención será o 60 % dos seguintes investimentos máximos subvencionables (IVE excluído):

Programa	Actuación subvencionable	Investimento máximo subvencionable		
		Ata 100 m <sup>2</sup> de superficie de exposición e venda	De 101 a 200 m <sup>2</sup> de superficie de exposición e venda	De 201 a 300 m <sup>2</sup> de superficie de exposición e venda
Eficiencia	Portas automáticas con sensores de proximidade	2.000,00 €	2.000,00 €	2.000,00 €
	Sistemas de iluminación enerxeticamente eficientes e sensores de presenza para a regulación automática de luces	1.500,00 €	2.000,00 €	3.000,00 €
	Sistemas de climatización enerxeticamente eficientes	3.000,00 €	5.000,00 €	8.000,00 €
	Total programa eficiencia	6.500,00 €	9.000,00 €	13.000,00 €
Reforma	Total programa reforma	3.000,00 €	4.250,00 €	6.250,00 €
Equipamento	Total programa equipamento (non aplica superficie)	6.000,00 €	6.000,00 €	6.000,00 €

### Artigo 5. Actuacións subvencionables para obradoiros artesáns

#### 1. Liña de dixitalización comercial.

Establécense dous programas de e-commerce en función do grao de dixitalización, que son incompatibles e excluíntes entre si.

#### a) Programa e-commerce I (obradoiros artesáns sen páxina web):

Dirixido á dixitalización básica do contorno comercial omnicanle. Supón obrigatoriamente a realización do conxunto das seguintes actuacións:

- Implantación de páxina web sen venda en liña. A páxina web deberá cumprir os requisitos que figuran no anexo IV.

- Hardware (sistema TPV ou tableta).

- Software de pagamento adaptado á actividade comercial desenvolvida (máximo 12 meses).

- Ferramentas de posicionamento dixital (SEO, SEM, ADS).



b) Programa e-commerce II (obradoiros artesanais con páxina web, con ou sen venda en liña, que teñan implantado o programa e-commerce I):

Dirixido á dixitalización avanzada do contorno comercial omnicanle a través das seguintes actuacións:

– Implantación ou mantemento de páxina web con venda en liña. A páxina web deberá cumprir os requisitos que figuran no anexo IV.

– Melloras das ferramentas de posicionamento dixital (SEO, SEM, ADS).

– Loxística e-commerce, entendéndose como o servizo de transporte para envíos en liña, que deberá cumprir os requisitos que figuran no anexo IV.

– Xestor de redes sociais, que deberá cumprir os requisitos que figuran no anexo IV.

– Imaxe dixital.

A porcentaxe da subvención será o 75 % dos seguintes investimentos máximos subvencionables (IVE excluído):

Programa	Actuación subvencionable	Investimento máximo subvencionable	
		Sen empregados/as	De 1 a 10 empregados/as
e-commerce I	Implantación de páxina web sen venda en liña	690,00 €	670,00 €
	Hardware (sistema TPV ou tableta)	690,00 €	1.000,00 €
	Software de pagamento adaptado á actividade comercial desenvolvida	690,00 €	1.000,00 €
	Ferramentas de posicionamento dixital (SEO, SEM, ADS)	1.100,00 €	1.700,00 €
	Total programa e-commerce I	3.340,00 €	4.540,00 €
	Implantación ou mantemento de páxina web con venda en liña	1.100,00 €	1.100,00 €
e-commerce II	Melloras das ferramentas de posicionamento dixital (SEO, SEM, ADS)	2.800,00 €	4.900,00 €
	Loxística e-commerce	600,00 €	900,00 €
	Xestor de redes sociais	450,00 €	900,00 €
	Imaxe dixital	450,00 €	900,00 €
	Total programa e-commerce II	5.400,00 €	8.700,00 €



## 2. Liña de innovación comercial.

a) Programa *smart retail* (obradoiros artesáns con tenda física que teñan implantado o programa e-commerce I e, de ser o caso, páxina web con venda en liña):

Dirixido á transformación dixital da tenda física, a través das seguintes actuacións:

- Etiquetaxe electrónica para lineais de venda.
- Sistemas de *click and collect* e *lockers* dixitais.
- Terminais de autopagamento para a clientela (*self check out*).
- Tecnoloxía de control de *stocks* e tecnoloxía RFID.
- Software para a xestión loxística do e-commerce.
- Solucións de ciberseguridade.
- Asistentes virtuais e sistemas dixitais interactivos (*chatbots*).
- Aplicacións para dispositivos móbiles (m-commerce).
- Aplicacións de realidade virtual e aumentada.

b) Programa visual *merchandising* (obradoiros artesáns con tenda física que teñan implantado o programa e-commerce I):

Dirixido á mellora da experiencia de compra na tenda física, a través das seguintes actuacións:

- Escaparates virtuais con ou sen interacción coa clientela.
- Pantallas e tótems publicitarios con ou sen interacción coa clientela.

En todo caso, as actuacións comprendidas no programa visual *merchandising* deberán situarse no punto de venda e incluír o software para a programación e emisión de contidos dixitais. Consideraranse subvencionables os gastos relativos á elaboración destes contidos.



A porcentaxe da subvención será o 75 % dos seguintes investimentos máximos subvencionables (IVE excluído):

Programa	Actuación subvencionable	Investimento máximo subvencionable	
		Sen empregados/as	De 1 a 10 empregados/as
Smart retail	Etiquetaxe electrónica para lineais de venda	2.000,00 €	5.100,00 €
	Sistemas de <i>click and collect</i> e <i>lockers</i> dixitais	3.000,00 €	4.250,00 €
	Terminais de autopagamento para a clientela ( <i>self check out</i> )	3.600,00 €	4.250,00 €
	Tecnoloxía de control de <i>stocks</i> e tecnoloxía RFID	7.000,00 €	8.500,00 €
	Software para a xestión loxística do e-commerce	1.400,00 €	1.700,00 €
	Solucións de ciberseguridade	1.400,00 €	1.700,00 €
	Asistentes virtuais e sistemas dixitais interactivos ( <i>chatbots</i> )	700,00 €	850,00 €
	Aplicacións para dispositivos móbiles (m-commerce)	1.200,00 €	2.550,00 €
	Aplicacións de realidade virtual e aumentada	1.200,00 €	2.550,00 €
	Total programa <i>smart retail</i>	21.500,00 €	31.450,00 €
Visual merchandising	Escaparates virtuais con ou sen interacción coa clientela	6.100,00 €	7.200,00 €
	Pantallas e tótems publicitarios con ou sen interacción coa clientela	3.500,00 €	4.200,00 €
	Total programa visual <i>merchandising</i>	9.600,00 €	11.400,00 €

### 3. Liña de modernización comercial.

#### a) Programa eficiencia (obradoiros artesáns con tenda física):

Dirixido á mellora da eficiencia enerxética da tenda física, a través das seguintes actuacións:

- Portas automáticas con sensores de proximidade.
- Sistemas de iluminación enerxeticamente eficientes e sensores de presenza para a regulación automática de luces.

- Sistemas de climatización enerxeticamente eficientes.

#### b) Programa reforma (obradoiros artesáns con tenda física):

Dirixido á mellora da imaxe da tenda física, a través das seguintes actuacións:

- Obras de acondicionamento e reforma da superficie de exposición e venda do establecemento comercial.



– Actuacións de mellora da fachada e instalación de rótulos do establecemento comercial.

– Adquisición de mobiliario auxiliar destinado á mellora da imaxe comercial e adquisición de mobiliario expositivo de produtos que sexa necesario para o desenvolvemento da actividade comercial e de uso exclusivo na superficie de exposición e venda.

– Sistemas de videovixilancia dixital, cun investimento máximo subvencionable de 250,00 €.

c) Programa equipamento (obradoiros artesanais con ou sen tenda física):

– Adquisición, en réxime de propiedade, de equipamentos propios da actividade comercial e artesanal, que deberán ser, en todo caso, de primeiro uso; en concreto, maquinaria, ferramentas ou equipamento auxiliar, de fabricación externa cualificada, directamente relacionada coa actividade comercial ou artesanal, así como outra maquinaria, ferramentas ou equipamento auxiliar, de fabricación externa cualificada, directamente relacionada coa actividade comercial ou artesanal, que melloren o deseño e a calidade do produto final.

A porcentaxe da subvención será o 60 % dos seguintes investimentos máximos subvencionables (IVE excluído):

Programa	Actuación subvencionable	Investimento máximo subvencionable		
		Ata 100 m <sup>2</sup> de superficie de exposición e venda	De 101 a 200 m <sup>2</sup> de superficie de exposición e venda	De 201 a 300 m <sup>2</sup> de superficie de exposición e venda
Eficiencia	Portas automáticas con sensores de proximidade	2.000,00 €	2.000,00 €	2.000,00 €
	Sistemas de iluminación enerxeticamente eficientes e sensores de presenza para a regulación automática de luces	1.500,00 €	2.000,00 €	3.000,00 €
	Sistemas de climatización enerxeticamente eficientes	3.000,00 €	5.000,00 €	8.000,00 €
	Total programa eficiencia	6.500,00 €	9.000,00 €	13.000,00 €
Reforma	Total programa reforma	2.250,00 €	4.250,00 €	6.250,00 €
Equipamento	Total programa equipamento	6.000,00 €	6.000,00 €	6.000,00 €

#### Artigo 6. *Gastos non subvencionables*

Non se considerarán gastos subvencionables:

a) O imposto sobre o valor engadido (IVE).



b) A adquisición de ordenadores, dispositivos móbiles, televisores, reprodutores de son e imaxe, cámaras fotográficas e terminais ou lectores de tpv, agás os establecidos no programa e-commerce I.

c) A adquisición de maquinaria propia de procesos industriais, no caso de artesáns, e adquisición de maquinaria e instrumentos propios de servizos profesionais.

d) A adquisición ou o arrendamento de maquinaria e equipamento necesario para o desenvolvemento das obras.

e) A adquisición de materia prima da actividade artesanal.

f) Adquisición de materiais destinados á realización con medios propios de obras e instalacións.

g) Enxoval e obxectos de decoración e material non inventariable e cunha vida útil previsible inferior a un ano.

h) As obras de mellora e acondicionamento en almacéns ou en espazos non destinados á exposición e venda.

i) As actuacións de reparación, reposición ou mera conservación do establecemento, así como a adquisición de recambios e pezas.

j) Os proxectos, honorarios de arquitectos e directores de obra, taxas, licenzas, visados e autorizacións relativas ao proxecto.

k) Mantemento e instalación de sistemas de alarma e seguridade.

l) Obras de instalación ou mellora de illamentos térmicos e acústicos.

m) Adquisición de elementos que coincidan cos propios da actividade comercial da empresa, susceptibles de venda posterior.

n) Os traballos realizados pola propia persoa solicitante da subvención nin aquelas actuacións cando o/a vendedor/a dos activos ou o/a prestador/a da actividade sexa da propia empresa solicitante ou se dea un suposto análogo do cal poida derivar autofacturación.



o) Os gastos realizados en establecementos dedicados exclusivamente ás máquinas de venda automática.

p) Os inmobles ou artigos de exposición e de proba susceptibles de posterior venda ao público, e a instalación de expositores de carácter temporal.

q) Os proxectos cuxo investimento non se axuste ao volume de negocio anual e ás necesidades da persoa solicitante.

r) Calquera outro investimento que non estea directamente vinculado coa realización da actuación subvencionable.

Segundo o artigo 29.8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

En ningún caso o custo da adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

#### Artigo 7. *Documentación complementaria*

